

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

**404** *Real decreto 1/2017, do 13 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 1067/2015, do 27 de novembro, polo que se crea a Axencia Estatal de Investigación e se aproba o seu estatuto.*

O Real decreto 1067/2015, do 27 de novembro, creou a Axencia Estatal de Investigación, axente financiador previsto na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, como instrumento para a modernización da xestión pública das políticas estatais de I+D en España, que se encarga do financiamento, avaliación, concesión e seguimento das actuacións de investigación científica e técnica.

A disposición transitoria terceira do citado real decreto garante, por parte do hoxe Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, a continuidade na prestación dos servizos comúns e ata o momento en que a Axencia poida prestalos por si mesma, establecendo un prazo de seis meses desde a posta en funcionamento da Axencia.

A Axencia Estatal de Investigación, de acordo coa disposición adicional primeira do mesmo real decreto, constituíuse o pasado día 20 de xuño de 2016 coa reunión constitutiva do seu consello reitor. Tendo en conta ambas as disposicións, a prestación dos servizos comúns por parte do ministerio de adscrición quedaba establecida para o período comprendido entre esa data de constitución e o 20 de decembro de 2016.

Non obstante, ante o escenario de orzamentos xerais do Estado prorrogados ao inicio do presente exercicio 2017, a Axencia non conta aínda con orzamento propio, o que limita de forma importante a capacidade para adquirir a autonomía que permita prestar por si mesma os servizos comúns. Por isto cómpre ampliar o período de prestación destes desde o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade ata que se produza a circunstancia de contar con orzamento propio.

Pola súa parte, a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1067/2015, do 27 de novembro, regula o réxime orzamentario aplicable á Axencia mentres non dispoña dun orzamento propio aprobado mediante norma con rango de lei, polo que resulta conveniente aclarar o contexto en que se desenvolverá a prórroga para 2017 dos orzamentos xerais do Estado do ano 2016, que afecta os créditos orzamentarios dos servizos correspondentes a tres órganos suprimidos polo citado real decreto.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Facenda e Función Pública e do ministro de Economía, Industria e Competitividade, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de xaneiro de 2017,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1067/2015, do 27 de novembro, polo que se crea a Axencia Estatal de Investigación e se aproba o seu estatuto.*

O Real decreto 1067/2015, do 27 de novembro, polo que se crea a Axencia Estatal de Investigación e se aproba o seu estatuto, queda redactado nos seguintes termos:

Un. A disposición transitoria terceira queda redactada nos seguintes termos:

«Os servizos xerais e comúns do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade continuarán exercendo, en relación coa Axencia Estatal de Investigación, as competencias que tiñan atribuídas respecto aos órganos e unidades que se suprimen ata que a Axencia conte con orzamento propio aprobado

mediante norma con rango de lei, sen prexuízo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.»

Dous. A disposición transitoria cuarta queda redactada nos seguintes termos:

«Mentres a Axencia Estatal de Investigación non dispoña de orzamento propio aprobado mediante norma con rango de lei, os seus gastos imputaranse na forma e con cargo aos créditos previstos nos servizos correspondentes á Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e ás suprimidas Secretaría Xeral de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, Dirección Xeral de Investigación Científica e Técnica e Dirección Xeral de Innovación e Competitividade, así como con cargo aos créditos previstos para o Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria.

Mentres a Axencia Estatal de Investigación non dispoña de orzamento propio, non se alterará a estrutura orzamentaria vixente e a Axencia desenvolverá a súa actuación de acordo co réxime orzamentario, de contabilidade e control e de rendición de contas aplicable aos servizos correspondentes do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade e ao Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, nos termos previstos nas leis de orzamentos xerais do Estado anuais e na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de xaneiro de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia  
e para as Administracións Territoriais  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN